

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### PONTECESO

##### Secretaría

*Anuncio de modificación da composición e formación das comisións informativas*

##### ANUNCIO

#### ASUNTO: PUBLICACIÓN DO ACORDO ADOPTADO POLO PLENO DA CORPORACIÓN CELEBRADO O 29 DE MARZO DE 2021, SOBRE MODIFICACIÓN DA COMPOSICIÓN E FORMACIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS

Téndose adoptado pola sesión ordinaria do Pleno da Corporación celebrado o 29 de marzo de 2021, acordo relativo ao asunto de referencia, procédese á publicación deste, para xeral coñecemento e efectos oportunos:

#### “PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA COMPOSICIÓN E FORMACIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS.-

...///...

**PRIMEIRO:** Modificar o punto segundo do acordo plenario do 1.07.2019 referido a composición das Comisións Informativas, quedando do seguinte xeito:

A composición de todas as Comisións Informativas, incluída a Comisión Especial de Contas, por aplicación do voto ponderado, para garantir a proporcionalidade e evitar a sobrerrepresentación, será a seguinte:

- Presidente nato das Comisións: O Alcalde, que delegará a Presidencia en calquera membro da Corporación, a proposta da propia Comisión e mediante elección efectuada no seu seno ( o voto do representante do Grupo Municipal Socialista, por aplicación do voto ponderado, tería un valor de -23,07%-).

- Vogais-Concelleiros:

· Un vogal correspondente ao Grupo Municipal do Partido Popular ( o voto do vogal do Grupo Municipal Partido Popular, por aplicación do voto ponderado, tería un valor de 23,07%).

· Un vogal correspondente ao Grupo Municipal de APIN- SO (o voto do vogal do Grupo Municipal APIN -SON, por aplicación do voto ponderado, tería un valor de 15,38 %).

· 5 concelleiros non adscritos:

Raquel Fondo Pérez (por aplicación do voto ponderado o seu voto terá o valor unitario do 7,69%).

Ana Pérez Imia (por aplicación do voto ponderado o seu voto terá o valor unitario do 7,69%).

Faustino Santiago Lema (por aplicación do voto ponderado o seu voto terá o valor unitario do 7,69%).

Miguel Ángel González Gómez (por aplicación do voto ponderado o seu voto terá o valor unitario do 7,69%).

Salvador Eiroa Ameijenda (por aplicación do voto ponderado o seu voto terá o valor unitario do 7,69%).

**SEGUNDO:** Acordar que as notificacións e posta a disposición da documentación que integren os expedientes que se sometan a informe/ditame da comisión informativa, sexan remitidos por medios electrónicos a través da plataforma habilitada ao efecto polo concello de Ponteceso.

**TERCEIRO:** Requirir aos grupos municipais, así como, aos concelleiros con dereito de pertenza ás distintas comisión, que procedan á identificación dos/as concelleiros/as designados como titulares e no seu caso suplentes nas distintas comisións.

**CUARTO:** De conformidade co artigo 125 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a adscrición concreta a cada Comisión dos membros da Corporación, realizarase mediante escrito do Voceiro dos distintos grupos municipais ao Alcalde, e do que se dará conta ao Pleno, podendo designarse voceiro de igual forma un suplente por cada titular, salvo que no mesmo Pleno que coñece desta proposta queden determinados os concelleiros/as que se adscriben a cada comisión polos distintos grupos municipais.”

Ponteceso, 9 de abril de 2020

O alcalde, Xosé Lois García Carballido